



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	1282/2020- Código SIA 1399018 Relacionado con expdt. 1691-2016
<b>Procedimiento</b>	Licenzas de Auto-Taxi (Transmisión)
<b>Asunto</b>	PROBAS DE CAPACITACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU CORRESPONDENTES AO ANO 2020
<b>Unidad gestora</b>	Departamento de Secretaría
<b>Documento</b>	Anuncio de Alcaldía
<b>Trámite</b>	Aprobación do <b>listaxe provisional de admitidos</b> no procedemento para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu para o ano 2020, <b>composición do Tribunal cualificador</b> e <b>fixación da data, lugar e hora de celebración do exame</b> .

### ANUNCIO DE ALCALDÍA

Téndose rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, en aplicación do disposto na base 4ª e 7ª.5 das Bases reguladoras do presente proceso selectivo, e de acordo coas facultades sinaladas no artigo 21, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante, mediante resolución de alcaldía ditada en data 22.06.2020 baixo o número 2020-0815 resolveuse, entre outros, o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a listaxe provisional de **admitidos/as** no procedemento para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu e convocatoria do procedemento para o ano 2020 que se detalla a continuación:

ASPIRANTES	DNI	INSTANCIA (N.º RE)
HECTOR PAREDES MIRANDA	***1502**	2020-E-RE-1025
GUILLERMO CAEIRO NOVAS	***1684**	2020-E-RC-1938
PABLO SIMÓN TORRES	***1203**	2020-E-RC-1967
MIGUEL PIÑEIRO PORTELA	***1023**	2020-E-RE-1049

**EXCLUÍDOS: Ningún.**

**Ao non haber ningunha persoa excluída na lista provisional, non será necesario a publicación de listas definitivas, considerándose as primeiras definitivas**

O feito de figurar na relación de admitidas/os ás probas de capacitación, non prexulgará que se lles recoñeza ás/aos aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no devandito proceso convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas de capacitación. Cando da documentación que deben presentar tras superalo se desprenda que non posúen algún deses requisitos, decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4HFPSPSRQC5NPSKGRSCSMEN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## Concello de Bueu

**SEGUNDO.-** Fixar a **data, lugar e hora de celebración do exame ás 10 horas do día 17 de xullo de 2020, no salón de Plenos da casa consistorial, sito no primeiro andar da casa consistorial de Bueu na Rúa Eduardo Vincenti nº 8, 36930 Bueu, Pontevedra.**

O exame axustarse ao contido da base 5ª e 6ª das reguladoras do procedemento para a obtención do permiso municipal de condución de taxis no municipio de Bueu e convocatoria do procedemento para o ano 2020.

Os/ as aspirantes admitidos/as deberán concorrer ao exame provistos/ as de documento oficial vixente que acredite a súa identidade (DNI/ NIE, permiso de conducir ou pasaporte).

A súa falta de presentación dará lugar á non admisión do aspirante para a realización do exame. Para a correcta realización do exame, os aspirantes deberán ir provistos de bolígrafo azul ou negro.

O Tribunal cualificador publicará o resultado dos exames no prazo máximo de 15 días hábiles, publicándoo no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/ sección "Fomento da actividade económica"), sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello

**TERCEIRO.-** Na **celebración presencial da proba garantíranse as medidas de seguridade por mor do COVID19**, tanto as que debe establecer o concello como administración convocante, como as que deben cumprir os candidatos que concorran en base ás normas vixentes no momento de celebración da proba, para asegurar a eficiencia na xestión da crise e a celebración presencial da proba correspondente a este procedemento en condicións de seguridade e protección da saúde pública e da de todos aqueles que participe no proceso.

Deste xeito, sen prexuízo das medidas que puideran chegar a adoptarse que leven a modificación das condicións de celebración da proba, por mor da evolución da crise sanitaria, tendo en conta que o número de candidatos que figura no listaxe de admitidos provisionais non resulta elevado, se realizará a mesma de forma presencial co cumprimento de medidas de distanciamento imposta pola autoridade sanitaria e concretamente as que resultan da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade publicada no DOG núm. 115 de 13.6.2020

Os candidatos que concorran á proba presencial estarán obrigados a cumprir as normas de seguridade e hixiene que o tribunal indique para o acceso ao salón de Plenos da casa consistorial na que se desenvolva a proba. O incumprimento das devanditas normas poderán determinar a prohibición do acceso.

En todo caso, os asistentes á proba deberán cumprir coas medidas de seguridade impostas pola autoridade sanitaria competente e polo concello de Bueu e especialmente as seguintes:

- 1º.- Cumprir coas distancias de seguridade n(mantemento da distancia

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4HFP52PSRQC5NPSK6GRSCSMEN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Bueu

---

interpersoal en todo momento),

2º.- Evitar cruces cando se faga uso de vías estreitas onde non se poida gardar as medidas de seguridade, de ser o caso,

3º.- Deberán acudir provistos de mascarilla e realizar a hixiene de mans obrigatoria á entrada e saída da proba facendo uso dos produtos de limpeza de mans (xel hidroalcohólico) que se facilitarán dende o concello e situados en zonas comúns da casa consistorial, concretamente, á entrada da casa consistorial do concello e do salón de plenos.

4º.- Seguir, en todo momento, as indicacións do concello contidas nas marcas no chan e nos carteis informativos sitos na entrada do concello e na entrada do salón de Plenos.

5º.- A utilización de luvas non son aconsellables, xa que ofrecen unha falsa seguridade.

6º.- Se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar) que puidese estar asociada con COVID-19 non debe acudir á celebración da proba.

**CUARTO.-** O tribunal cualificador quedará integrado polos seguintes membros, titulares e suplentes:

**Presidente:**

Titular: Benito Pouso Carrera, xefe da Policía local do concello de Bueu.

Suplente: José Pires Juncal, Policía local do concello de Bueu.

**Vocal:**

Titular: Marina Sanjuan Nuñez, xefa de negociado do departamento de urbanismo e intervención administrativa do concello de Bueu

Suplente: Isabel Navarro Lustre, auxiliar administrativa do departamento de urbanismo e intervención administrativa do concello de Bueu

**Secretaria/o:**

Titular: Nuria Lobato del Río, secretaria do concello de Bueu

Suplente: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do concello de Bueu

O Tribunal reunirase para a súa constitución, no salón de Plenos da casa consistorial, ás 9 horas do 03 de xullo de 2020 (venres). .../..."

O que se publica para xeral coñecemento en cumprimento do disposto na base 4ª e 7ª.5 das Bases reguladoras do procedemento.

*(Documento asinado electrónicamente ao marxe)*

---

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4HFP52P5RQC5NPSK6GRSCSMEN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3